

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 25 DE SETEMBRO DO 2023

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e cinco de setembro do dous mil vinte e tres, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca.

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e Dna. Margarita López Rodríguez.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. José Luis Rodríguez Varela, D^a María Luisa Vázquez López, D. Victor Manuel Rodríguez López.

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Manuel Luaces Fernández.

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Interventora accidental: D^a María Inmaculada Buján Arias

Non asiste o concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN,SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE 31 DE XULLO DO 2023.

Sométese a votación a acta do pleno de 31 de xullo do 2023, aprobándose por unanimidade.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 22.07.2023 AO 19.09.2023.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 22.07.2023 e o 19.09.2023.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2022.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo municipal do BNG, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

Vista a documentación da Conta Xeral de 2022 -do Concello e do organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencia-, formada por Intervención, coas seguintes magnitudes e cifras a fin de exercicio:

Vista a documentación da Conta Xeral de 2022 -do Concello e do organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencia-, formada por Intervención, coas seguintes magnitudes e cifras a fin de exercicio:

CONCELLO.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 75.941.902,12 €.
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 1.173.519,59 €.
- Resultado Orzamentario axustado: 2.172.259,12 €.
- Remanente de Tesourería total: 7.877.479,10 €.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais: 3.349.900,95 €.

INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 103.168,24€.
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 9.776,56 €.
- Resultado Orzamentario axustado: 5.378,43 €.
- Remanente de Tesourería total: 50.521,78 €.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais: 50.111,59 €."

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación apróbese por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Socialista, e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG.

4.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ÁS ENTIDADES LOCAIS.

Acta pleno 25.09.2023

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo municipal do BNG, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA AGENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA Y LA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS EN MATERIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO A LAS ENTIDADES LOCALES.

Visto informe de data de asina do documento electrónico, por a Tesoureira Municipal.

Logo de comprobar o artigo 22.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vistos os datos expostos, PROPONSE ao Pleno Municipal adoptar o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Adherirse ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ÁS ENTIDADES LOCAIS.

SEGUNDO.- Autorizar ao Alcalde da Corporación para asinar toda a documentación necesaria.

TERCEIRO.- Nombrar como interlocutor único ao Titular do posto de tesourería. “.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO-ESPERTA MONFORTE SOBRE A RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS NA BAIXADA AO CAMPO DA FESTA DE GULLADE.

Non se debate por non estar o proponente da mesma e non estar dictaminada.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO-ESPERTA MONFORTE SOBRE TALA MASIVA DE FRONDOSAS EN DISTRIZ.

Non se debate por non estar o proponente da mesma e non estar dictaminada.

7.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO A DEIXAR DE UTILIZAR A PÁXINA WEB DO CONCELLO CON FINES PARTIDISTAS.

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro do grupo Municipal do BNG, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

Acta pleno 25.09.2023

1. *Que o equipo de goberno deixe de utilizar a páxina web con fins partidistas.*
2. *Que se elimine da páxina web a nota de prensa na que se despreza o traballo da voceira”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.

Intevén D. Manuel López Luaces sinala que non sabía que isto sería unha pataleta duns a outros. O Alcalde informa, o alcalde preside, o alcalde anima a participar, o alcalde asistiu, o alcalde foi homenaxe isto é o inicio dos post da páxina do concello non é partidista é personalista. Persoalmente é un erro utilizar así a páxina do Concello porque lle parece unha falla de ética utilizar a páxina dos monfortinos e monfortinas as cousas que fai o equipo de goberno pero non tan esaxerado. De feito, podería ser máis axeitado como un taboleiro cultural, Monforte ten un Plan que ten 200 seguidores máis que a páxina do Concello, e é rechamante no século XXI o Concello de Monforte careza de ningunha conta e de ningún perfil ningunha rede social, é moi útil para anunciar calquera iniciativa, non o entende. Invitaos a que creen unha propia rede social, para polo menos disimular.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que a páxina web do Presidente da Xunta de Galicia, Rueda destaca, Rueda ensalza, Rueda destaca a estabilidade política que fai de Galicia, Rueda destaca ... Diga vostede onde se fala do Presidente da Xunta, entón de fin partidista nada. Aquí o que fai é o alcalde para informar á xente. Acaso vostede ve que se diga Tomé , é o alcalde o que inaugura. Sr. Luaces Concello de Santiago de Compostela, o Concello impulsa, a alcaldesa de Santiago fai, a alcaldesa aborda, e outros douscentas máis, non sabe se todos viven no mesmo mundo. Di que traer mocións como está non favorece o que di proxectar en realiaide hai que analizar mellor as propostas que traen o que fai e retratar a cada un. Este alcalde e este equipo non utiliza a web con fins partidistas di que en parte se menciona ao alcalde co seu nome ou ao partido socialista, iso se chámase informar, o que fai o sr. Rueda si que é partidista. O que se fai informar en beneficio dos monfortinos e monfortinas. Antes de facer estas acusacións tan temerarias, parece que está dando os primeiros pasos, parece a paleta de alguén que non lle gusta o que se fai, compare vostede coa páxina do Sr. Rueda ou coa páxina do Concello de Santiago. A verdade o que debe facer é documentarse primeiro e despois enviar aos medios, en política non todo vale, hai uns límites, non é admisible facer o que vostede fixo, crear un alarmismo social desmesurado, para vostede non o será foi unha noticia infundada que xerou preocupación e que ademáis era mentira, fíouse de información que non era veraz.

Intervén D^a Katherinie Varela dicíndolle ao Sr. Torres que senón invertirá tres minutos en falar do Sr. Rueda. Non sabe quen é o competente e responsable cando non temos os informes que digan que a xente se poden bañar. Non hai ningunha zona que estea autorizada para o baño. Non se pode ofender como se ofendeu a súa persoa. Di que eles se centran que non se pode utilizar a páxina web para difamar á oposición. Non poden permitir o que se pode presentar ou non, que vostedes teñan que dicir o que teñen que dicir á prensa, dicindo que eles van presentar o que eles queiran. Parece mentira de que non se enteren de como funciona isto e como funciona a oposición tamén, é mellor ser precavido cos cidadáns e non incitalos ao baño

Intervén D. Manuel Luaces di que entende que as accións do goberno sexan anunciadas, pero lle parece moi esaxerado. Fala da participación cidadá nos asuntos públicos, xa que se

participa de forma unidireccional. Hai unha cousa que quería salientar que ocorreu despois da concentración de agosto o concello fixo unha publicación e isto é o que cree que é erróneo e pode dar situacións deste tipo o alcalde encabeza a concentración de repulsa a situación, obviase totalmente que esa concentración a convocou FEMFORTE, evidentemente xente da directiva molestouse, e escribiu no seu perfil con FEMFORTE parece que aquí o importante é poñerlle medadas ao alcalde e que se saia na foto, isto é vergonzoso.

Intervén o Sr. Torres non é esaxerado porque o alcalde fai cousas e o equipo de goberno tamén as fai por iso saen. O que fai vostede é sembrar a incertidume. Di que eles non van retirar o que pide, porque todo o que dixeron foi a verdade, ademáis con respecto ao río presentouse un informe técnico, que é o que desmontaba esa estratexia alarmista, o informe certificado que o río non estaba contaminado. Estas cousas non deixan de ser ocorrencias sen fundamentación ningunha. Vostede o que ten que analizar se o que fixo estivo ben. O que se fixo é algo que políticamente de moi pouca decencia, debería pedir disculpas á cidadanía. Si lle preocupa a web máis que outros temas que son máis importantes. Lémbrelle ao Sr. Rueda o canon da auga, e que pouco lle dan a este Concello.

Intervén D^a Katherinie Varela dille ao Sr. Torres que aquí esta como concelleira non como deputada autonómica. Repite a Consellería de Sanidade é a competente para determinar que zona de baño é apta para o baño das persoas, ese informe nin sequera fixo os exames que fixo a normativa, pero din claramente que non fixeron os exames. Moito lles gusta dicir que hai xente simpatizante do partido popular, senón vostedes non terían tantos votos. A súa obriga é recuperar eses votantes, pero non utilicen esa ferramenta porque seguen sendo a forza máis votada, e por iso teñen que seguir defendendo o que lle din os seus votantes.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que as vacacións non se lle notan. Os demais tamén poden opinar do que vostede presenta, lembra cando D^a Maria José Vega Bujan metíase coa redacción das súas mocións. Polo tanto, poden opinar, vostede pode presentar o que quería como grupo, solo faltaría e eles poden opinar. Non manipule non recoñeceu en ningún lado que hai verquidos ao río Cabe, e ademáis debe vostede mirarse a lei de augas, cando comenza a chover que vai non encauzado pero un verquido aos cauces dos ríos de polución urbana, esa auga vai ao río. A primeira que insulta aquí é vostede, porque vostede está insultando dicindo que hai un verquido na zona de Vilanova cando non o hai. Di que eles non a insultan, a primeira que insulta, o que fixeron foi dicir que a súa afirmación era falsa. Os únicos que quitaron verquidos directos ao río de dous barrios concretos rúa Caneiro e todo o barrio da Aceña Nova foi este goberno que agora van a rede de saneamento, e iso foi este grupo quén o fixo, senón o sabe infórmese. A Consellería de Sanidade non ten nada que dicir, se non se lle pediu nada. O Concello non puxo na zona de Vilanova zona de baño autorizado. Fala de que estes días esta metendo a pata con analíticas do Concello do PSOE e hai analísticas dos Concellos do PP e non din nada. A duda a sembra, a alarma a crea, dígalle que sexan un pouco máis responsables aos responsables de Sanidade. Xa está ben de abusar, e di vostede que difamamos na páxina web, difama vostede cando minte, a Xunta de Galicia é a que maior difama deste país, ten ao servizo unha televisión pública e a unha radio. O que está ben hai que deixalo estar, o informe do medio ambiente a vostede deixa quedar mal.

Non sabía que era delito informar do traballo que fas, porque efectivamente se din moitas cousas porque fan moitas inversións, faga un repaso das inversións millonarias que se

están realizando. Se a vostedes lles fastidia que haxa proxectos, que traballen, sexan coherentes se ninguén fixo nada, todo o mundo falou pero ninguén se puxo a elo. Hoxe mesmo anunciaron o inicio do proceso na depuradora nova do polígono e con calidade de verquido depurado adecuado á norma.

Dille ao Sr. Luaces de que páxina é de todos os monfortinos, pero quen goberna. Iso de que é de todos os monfortinos, aquí o garaxe tamén pero non é público, pero o xestiona todo o mundo o xestiona alguén, e di que lle parece esaxerado, porque son moitas cousas, a cantidade de proxectos millonarios que se puxeron en marcha, cousas que xa están para contratar esa é a diferenza, e agora resulta que o PSOE ten que ter redes, non hai que ter redes para gañar as eleccións, pero hai que darlle a importancia que teñen as redes, non gobernan o mundo, poden ter influencia pero non moita, a realidade é a que é. Deixen que decidamos se as queremos ter. Di que eles non confunden o partido co goberno, pero aquí non aparece a palabra PSOE para nada, pero home non é comparable unha cousa con outra.

Dille a D^a Katherinie que lle parece moi ben que se preocupe, pero si para facer oposición presenta estas cousas, que ben o están facendo. Dille que lle pida á Xunta que lle dea a Monforte o que ten que darlle porque lle debe moitas cousas.

Sometido o asunto a votación rexeitándose por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG.

8.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA QUE DENDE O CONCELLO SE FAGA UNHA MAIOR VIXIANCIA DO CUMPRIMENTO DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 38 DA ORDENANZA DE TRÁFICO.

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro do grupo Municipal do BNG, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

- “1. Que se leve a cabo unha campaña de concienciación e vixilancia da circulación de os enxeños mecánicos definidos na ordenanza de tráfico nas zonas peonís.*
- 2. Que se actualice a maior brevidade posible a ordenanza de tráfico coas actualizacións feitas no ano 2021.”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela antes de dar lectura á moción, di que o que lle molesta é o tono parternalista e o tono de mestre, unha cousa é que non lle gusta a moción e outra cousa é dicir o que teñen que facer, quere dicir que os traten con máis respecto por ser a segunda forza do Concello. Van presentar sempre as iniciativas que estimen oportunas, fomra parte da súa estratexia política, e ese tono parternalista deixeno de lado.

Continúa dando lectura á moción.

Intervén D. Manuel López di que as redes Sociais non moven o mundo, pero gastaron máis en influencers que en asociacións sen ánimo de lucro. Di que eles están de acordo ue se

leven uha campaña de concienciación, cren que o patinete é un medio de transporte sostible e respectuoso co medio ambiente. Un patinente na calzada a 50km/h, sería reducir a velocidade a 30km/h.

Intervén D. Ibán Torres di vostede que non teñen dereito a opinar sobre a súa labor. Mejor no opinar . A Policía Local ten moitos cometidos e por desgracia non se pode ter un policía para cada persoa, cando a policía detecta anomalías ou incumprimentos impoñe as sancións, a ordenanza non impide o seu cumprimento. No se poden sancionar todas as infraccións, é dicir, a Garda Civil se lle escapan infractores na estrada, e están presentes en todas as estradas, e seguen habendo incidencias, pois á Policía Autonómica tamén se lle escapan infractores. Non por moita campañas de consciencias non se eliminan estas infraccións, é imposible ter aos policías locais aos usuarios de patinetes, se están na Estación atendendo un servizo non poden estar no Cardenal, os efectivos son os que son, incrementouse a plantilla, pese a todo están de acordo coa proliferación dos patinetes, daránlle traslado ao inspector da Policía Local. Non poden votar a favor desta moción, di que se van absterse.

Intervén D^a Katherinie Varela di que a ordenanza si que está modificada o que pide é que se publique tamén na páxina web do Concello. Vostede pode opinar o que queira, pero non poden dicir o que teñen que presentar ou non, sempre din que retiren ese tono paternalista. Non pretenden criticar os patinetes, a xente debe adaptarse a circular con eles polas rúas, os vehículos deberían circular máis despacio. E di o Sr. Ibán Torres que esta moción dando a entender que as mocións que traen aquí non son interesadas, a seguridade vial é competencia do municipio, di que eles traen aquí cousas que lle importan aos cidadáns, eles non poñen en dúbida o traballo dos axentes da Policía Local. Están facendo campaña de concienciación e vixilancia igual que o fan co dos cans, que deben de utilizar estes patinetes de forma correcta. Parécelle bastante positivo que lle dea traslado ao inspector da Policía Local.

Intervén D. Manuel Lóepz quería si o tema das cámaras vaise vixiar tamen os patinetes nas zonas peonís.

Intervén D. Ibán torres dicindo que as cámaras están para vixiar o tráfico. Non sabe por donde abordar isto, dígame vostede o tono que ten que utilizar, en todo o tempo que pasou dende o último tema os principais problemas da circulación dos patinetes e o seu orgullo, considera que hai cousas que poderían ser máis relevantes. Haberá máis cousas que traer, pasaran a comunicación oportuna, pero non poden votar a favor porque irían contra a labor que fai a Policía Local.

Intervén D^a Katherinie Varela di que a moción anterior ten que ter en conta que cando ofenden á voceira están ofendendo a todos os votantes do Partido Popular que a apoiaron nas eleccións, polo demáis que queda claro non é unha crítica á xente que utiliza estes medios de transporte, nin tampouco unha crítica á Policía Local, é unha iniciativa para o Alcalde de Monforte é o que ten que valorar cando se poden facer determinadas campañas de concienciación.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que lle dixeron que se ían abster. Ademáis outra cousa, o tono é o deles non querrá que falen co seu tono, polo tanto o tono teñen o que teñen, pódese cambiar de expresión pero eles non van cambiar o seu tono, cada un ten o seu

tono. E logo fala vostede dunha nota de prensa, non confunda unha información que aparece na prensa que o Concello non a deu. Non diga que se enviou unha nota porque non é verdade, é unha información dixital dun xornal e que unha información elaborada polo propio xornal. Por outro lado, aínda non o viu aquí, van presentar mocións sobre amnistía en todos os Concellos, esa se se presenta a vai levar el, hai moitas amnistías das que vai falar, ademais de gobernos diferentes, pódese falar da investidura. A xente non é tonta. Despois do que levan feito e está en marcha con papeles firmados, podería felicitalo, Monforte está en racha, quedaría vostede ben felicitando por estas cousas. Sr. Luaces que ten vostede en contra de promocionar Monforte, parece que si lle preocupa que se promocióne Monforte con influencers, a fan a inmensa maioría de Concellos que teñen hai que ofrecer. A promoción non remata nunca, hai que facela sempre governe quén governe, gastará en promoción o que considere, non sabe que hai que contra de que se promocióne Monforte. Antes falaba vostede das redes Sociais, contradícese vostede mesmo, unha cousa é que el non a teña persoalmente, non se confundan cousas persoais con cousas públicas, polo dato que lle pasa a compañeira que levou máis directamente todo este asunto, na páxina houbo máis de 1.000 seguidores sobre este asunto, iso ten moita máis influencia porque despois outros entran nesas páxinas, polo tanto cre sinceramente que hai que falar de xeito riguroso porque o resto é populismo barato, pode haber juligans que o compren pero o resto non. Dille a D^a Katherinie que as festas patronais e a festa do viño organiza o Concello e contratan a execución das festas patronais e a festa do viño coas directrices do Concello, porque non hai ningunha desas cousas as empresas non a poden facer por libre, hai que ser rigurosa naquelo que se dí.

Sometido o asunto a votación aprobándose por maioría con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e dez abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Socialista.

9º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á REPARACIÓN DO TEITO DO HOSPITAL

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor dos concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“1. Instar á Xunta de Galicia (SERGAS) a repare dito teito”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez comenta que non se trata dunha moción municipal, si é unha preocupación isto debería de ser un tema da Consellería de Sanidade, eles comparten a súa preocupación, fala D. Emilio dunha forma esaxerada, baixo o incidente do día 11 de setembro. Os sumidoiros e aliviadeiros non foron capaces de aliviar a agua caísa, a parte da fachada das terrazas do teito, o que fai referencia á ala oeste do Hospital, non a todo o hospital rexistráronse dous incidentes onde foron duplicadas o impacto metereolóxico, onde si foi necesario evacuar unha planta, neste caso non foi necesario evacuar, cambiouse

aos pacientes por precaución, para evitar riscos. Quere lembrar que o hospital non deixou de funcionar seguiu funcionando en canto a consultas externas, analíticas, ingresos, etc non é un hospital que se estea caendo a trozos. A superficie do hospital foi reparada no ano 2021, nesa ala non está chovendo de todas formas comunicar que oaos servizos implicados se lle pediu informe pertinente para levar á Consellería de Sanidade, deberían estar vostedes mellor informados sobre as zonas nas que chove no hospital.

Intervén D. Ibán Torres a súa moción non é máis que a xerencia non estea en Monforte. o certo é que simplemente a xente non lle preocupa ou decide non investir no Concello de Monforte de Lemos. Teñen denunciado non so coa estrutura do hospital senón tamén con deficiencias sanitarias. En canto a investir en melloras o decide Lugo. O teito do hospital está mal que se inicien os traballos para repáralo. Que chova dentro non é nada novo e cada ano hai que reparar os desperfectos causados pola auga, o teito deste hospital estase realizando unha nefasta xestión e errónea. Aproveita a cuestión que cando inicien os traballos de reparación que pidan a pertinente licenza municipal. Están con vostede D. Emilio que a situación do hospital non se pode manter, van apoiar a súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que estase cansando con esa coletilla de que hai que levalo á Xunta, xa chegará ao Parlamento dende esa sacrosanta constitución, pero é lexítimo que eles dan a cara cos veciños, teñen esas ferramentas que é no pleno , como teñen maioría o tiran para atrás, polo tanto hai que ser serios, no hospital chove, o problema de que chova e que iso incrementa o problema do hospital, iso é un deterioro importante, está pasando el non está alarmando, claro que choveu moito para iso están as alertas amarelas e vermellas. Para hai que ver está chovendo si ou non, claro que non deixou de funcionar, so faltaría. A entrada de auga no laboratorio non foi deste día, que na parte nova non chove, so faltaría.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez dicindo que o hospital a ala este foi reparada, e a ala oeste está pendente de reparar, o día 11 xurdiu o incidente e se fixo informe que xa se fixo chegar á Consellería, di que eles apoian esta moción e amosan a súa preocupación, non van utilizar esta moción para discutir como se fan as listas de espera cre que non é un sitio apropiado para discutir este tema, fan falla datos que ao mellor dos que dispoñen. Por desgracia hai que ter en conta os centros de saúde, os enfermos son polidemandantes, no mes de agosto deste ano atendéronse a máis de 3 millóns de pacientes, non cre que haxa tan despreocupación por parte da Consellería de Sanidade, e nestes momentos estase coas campañas de vacinación, onde se incrementou a máis do dobre das inversións.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que se alegra de que estea traballando niso e felicita que haxa un reforzo na vacinación. O que eles queren que se repare o teito no hospital e se se está niso chegará para axudar xunto co informe para que se arranxe dende a Consellería de Sanidade.

Intervén o Sr. Alcalde di que el descoñece ese reforzo. Dille a D^a M^a Luisa que claro que é un tema da Consellería pois que o arranxe xa que se levan anos, non é de agora, chove no hospital moitas veces e iso é así. Este hospital está aquí en Monforte e polo tanto claro que lles preocupa, por iso apoian a iniciativa do BNG, dicir que a apoia e ao mesmo tempo dicir que non se ten que falar diso. E a aplicación que vostede deu sobre os sumidoiros e iso vállelle para o hospital pero non lle vale para a rotonda que hai xunto do parque dos

condes, os sumidoiros tampouco dan tragado alí, non o din agora pero o din noutras ocasións. Parécelle ben esa explicación pero vale para todo.

Cando chove moito, pero eles están arranzando o saneamento fagan o mesmo no hospital, hai que ter atrevemento para dicir certas cousas. Fala vostede das listas de espera, aquí claro que hai que falar diso, xamáis estiveron como están agora, e sobre todo a lista de espera de nenos que pasan a vez cada quince días. Dille que pidan licenza para as obras, levan feito obras e obras sen licenza, supón que a Consellería de Sanidade é da Xunta de Galicia, e polo tanto teñen as mesmas obrigas que o resto das Consellerías, a única que vai por libre é a Consellería de Sanidade, pedir unha licenza para unha obra é cumprir coa lei ao igual que outros consellerías, dígalles aos do hospital que manden copia do proxecto do que fan, o que informaran os servizos do urbanismo, concederáselle a licenza e derivará nun ICIO, a administración debe dar exemplo, senón da exemplo con que moral lle pide a un cidadán que pague o seu imposto de obras se a administración non cumpre.

Sometido o asunto a votación aprobándose por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG.

10º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á DOTACIÓN DE ÁRBORES E ZONAS DE SOMBRA NO PARQUE DA ZONA C.

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor dos concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“1. Plantación de árbores: Solicitamos a plantación de árbores adecuadas para a zona da rúa Rof Codina, así como noutras zonas de Monforte (previo estudio técnico). Estas árbores non só proporcionarán sobre e un ambiente agradable, senón que tamén contribuirán á absorción de dióxido de carbono e a mellora da calidade do aire.

2. Deseño Sostible: Instar a que o deseño da nova zona urbanizable teña en conta elementos sostibles, como teitos verdes, áreas permeables e a incorporación da vexetación no deseño arquitectónico para mitigar o efecto illa de calor”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Manuel López Luaces dando lectura á moción.

Intervén D. José Luis Rodríguez Varela di que lle parecen ben que se pranten arbores na zona C, enriquecendo a vida social da cidade. O 28 de abril do ano 2022 sae unha nota que di que a Confederación Hidrográfica multa aos propietarios por tala de árbores, quedando simplemente nunha multa á constructora das obras. Di que eles están de acordo nunha limpeza da beira do río e unha tala, ten por exemplo o parque de cCobas que é unha zona axardinada e con arboleda. Di que eles van votar a favor da moción.

Intervén D. Ibán Torres di que na exposición de motivos está moi ben, o que ben despois. Aídna que non se rematou a zona C, estase nunha fase do envío de liquidacións da zona C aos propietarios, cando se remate ese proceso se procederá por parte do Concello a rematar a obra. O compromiso do alcalde co Medio Ambiente queda fora de toda dúbida e

se cumpre con creces. Todos os parques construídos e mellorados levan a plantación de árbores e de instalación de mobiliario. Non se poden poñer deberes ao equipo de goberno, con esa exposición e motivos, cando realmente todo isto se fai cando toca facelo, ningún alcalde creou tantos espazos verdes como D. José Tomé Roca.

Na zona de arboleda situada na marxe do río non se tocou nin un so árbol, isto non quere dicir que non se vai plantar máis, tempo ao tempo. En canto á zona C, haberá que esperar ao remate do procedemento. Por iso primeiro os vois e despois a carreta.

Intervén D. Manuel López Luaces di que na última lexislatura realizaron moitas zonas verdes, cre que pasou un tempo prudencial para traer esta iniciativa, alégrese que se vai dotar de zona de árbores e de sombra.

Intervén D. José Luis Rodríguez o que quixo dicir e que se talaron moitos árbores, a tala de árbores que se fixo puidose aproveitar e replantar na zona C, moitos árbores pódense aproveitar e xa empezaban a dar sombra dende o principio. Todo o que fixeron os outros alcaldes quedou en Monforte, farían máis ou menos, pero todo quedou para disfrute dos monfortinos. Eles teñen que traer mocións que ao mellor non son tan importantes como as obras faraónicas que vostede presente. Di que todo o que se faga por Monforte o dan por ben feito e o van apoiar sempre, pero eles traen mocións que lle reclaman os monfortinos e poden ser importantes. Se a vostede a Sra. Vega Buján dicíalle que lle tiña como redactar a súas mocións, e vostede di que volvemos de vacacións e non traemos nada importante. Tan importante é como traer o dos patinetes, o do hospital, etc.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que estase debatendo unha moción do BNG. O procedemento administrativo da zona C está en curso e evidentemente vai ser unha zona axardinada coas súas zonas para o disfrute de todos os monfortinos.

Intervén D. Manuel López alégrese de que se vaian realizar estas actuacións, ao inaugurar o parque por iso trouxeron esta moción.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non vai haber un bosque aí, outra cousa é plantar árbores illadas. Agora mesmo non se van plantar árbores, e outra cousa é rematar co procedemento administrativo que se está agora enviando aos propietarios o que lle toca pagan e dicir se o queren pagar ou compensalo en metros. A plantación de árbores futura será con cargo os presupostos municipais.

Dille a D. José Luis que unha cousa é ter permiso e outra cousa é que a empresa inicie as obras sen autorización. Se a empresa ten obriga de comunicación do inicio das obras, ao Concello non o sancionaron, non se mezclen cousas que non son. Vostede di cousas, non había ningún árbol que se puidera trasplantar para parque, eran arbustos ou frutais, polo tanto non había ningunha arbore susceptible de trasplantar e non diga vostede que se conservaron en Cobas, todo o que hai no medio da zona son árbores trasplantadas. Non se confunda a xente porque non é verdade. E logo volve vostede cunha información dun xornal, pero sabe si é unha información do Concello, que sae do proxecto, non se poden mezclar cousas, iso non é verdade, diga vostede que árbores se cortaron e eran susceptibles de ser trasplantados. Son obras moi importantes, millonarias, nunca se invertiu tanto no Concello como este Alcalde. Di que eles van seguir facendo esas obras, di que eles non prometen saneamento, eles o fan.

Sometido o asunto a votación rexeitándose por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

11º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (04.08.2023, 11.08.2023, 18.08.2023, 30.08.2023, 05.09.2023).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

12º.- DACIÓN DE CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2024.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello das liñas fundamentais do orzamento para o 2024.

13.- DACIÓN DE CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE, 2º TRIMESTRE 2023.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 2º trimestre de 2023, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 3,57 € e a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 2º trimestre de 2023.

14.- DACIÓN DE CONTA DE EXECUCIÓN TRIMESTRAL ORZAMENTO DO 2º TRIMESTRE 2023.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 2º trimestre de 2023, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.

Preguntas do BNG

1. Que ten pensado o grupo de goberno municipal co edificio de Expolemos?
2. Que opinión ten o goberno municipal do incremento do pago do SAF, por parte dos usuarios?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que Expolemos cando se fai coworking, non pensan levar para alí nada do Concello, está pensado para seguir co coworking, se vostede ten unha oferta para cómpralo, pódese estudar, o importante e que teña máis actividade que se ten.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que está moi ben en gastar en servzios Sociais pero hai que repercutilos. O que parece mentira e que veña vostede con esa pregunta, isto é consecuencia do aumento salarial das traballadoras, xa que a Xunta non fai nada ao repsectdo nin concede máis cartos ao concello simplemente incrementouse polo aumento salarial das traballadoras. Hai unha parte que financia o Concello e hai un parte que cofinancia os afectados, o custe do servizo sube para as dúas partes.

Rogos do BNG

Rogo relativo ao aumento da cantidade destinada a entidades sen ánimo de lucro.

Que se aumente a cantidade destinada a subvencionar ás entidades sen ánimo de lucro do Concello.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que iso xa está falado co pedáneo, Naturgy está realizando obras, o que pasa que unha empresa por un caldeiro de asfalto non vai alí, cando teñen certa obra non va alí, xa lle dixeron a empresa para que o fixeran o antes posible.

Rogo relativo aos viais na parroquia de Reigada.

Instar a empresa a que remate a obra o antes posible e, mentres tanto, amañe a estrada para deixala en condicións óptimas para a circulación.

Resposta o Sr. Alcalde que na medida do posible sempre van mellorar.

Rogos do PP

Prepare o camiño da parroquia de Distriz a Vide.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que entende que quen fixo transitable ese camiño foi quen fala. O que se fixo foi elevado, poñer cunetas, e é un camiño que practicamente non se usa, que ten algunhas fochancas, pois haberá que resolvelo. Aquí sobra moito onde pasear, pero facer unha zona de paseo, ese camiño repararase se hai que facelo.

Colocación de bolardos na zona da rúa Dr. Casares xunto ao Centro de Saúde

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que se fixo unha reorientación que pediu o responsable do Centro de Saúde, que queren que haxa un policía todo o tempo, haberá que dicirille aos cidadáns que respecten as sinalizacións. Haberá que estudar moito o dos bolardos.

Preguntas do PP

Que actuación está a levar a cabo o equipo de goberno no conflito cos cans?

Resposta o Sr. Alcalde que él non ve ningún conflito, os propietarios de cans teñen as súas obrigas, teñen a obriga de recoller as necesidades de levar un botella de auga, os cans non se poden deixar soltos, non se poden deixar atados a portas, dentro de coches. Que saiban que cada can ten que ter un seguro e facer un cursillo, iso é o que di a norma. Di que eles levaban no programa o estudo para construír un canil, pero iso hai que estudialo moi ben, pero xa o dirán cando toque cando vostedes fagan polémica non. Non cre que haxa conflito ningún o van estudar ven durante o mandato que dura catro anos, o que é certo é que hai unha demanda.

Cal é o número de reclamacións presentadas e contestadas canto no que se leva de ano da empresa Aqualia.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo ás vintedúas horas e vinte e seis minutos, de todo o cal eu, Secretaria, certifica.

Vº e pr.
O Alcalde,